

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARBALLO

*Bases da convocatoria de axudas para a conciliación da vida familiar e laboral 2024*

### BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL 2024

#### 1. 1.OBXECTO

É obxecto desta convocatoria a concesión de axudas para promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e facilitar a corresponsabilidade dos membros da unidade familiar no coidado de menores e familiares, mediante un apoio económico ao maior gasto que están a ter as persoas traballadoras, ou con posibilidade de incorporarse ao mundo laboral a través dun contrato de traballo e evitar a discriminación laboral das mulleres en calquera ámbito de actuación, de conformidade co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Regulamento xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Carballo.

#### 2. FINALIDADE DA CONVOCATORIA

Estas axudas responden ao interese da Área de Igualdade e Benestar do Concello de Carballo por artellar políticas apropiadas para darlles cobertura ás necesidades das familias con menores ao seu cargo (de 3 a 12 anos, ou ata 16 cando os/as menores teñan recoñecida una discapacidade igual ou superior ao 33%), que precisen conciliar a súa vida laboral e familiar.

Estas axudas só poderán ser recibidas polos servizos contratados fóra dos ofertados polos centros escolares (liña 2).

As axudas consistirán no reembolso do gasto realizado entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de outubro de 2024.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, sempre e cando a súa suma non supere o 100% do gasto efectivamente realizado. Neste caso, as axudas serán minoradas ata ese límite.

#### 3.CONDICIÓN

Estas axudas económicas teñen por obxecto proporcionar durante o ano 2024 un apoio económico que axude a custear un recurso de conciliación familiar e sociolaboral complementario, ante a incompatibilidade dos horarios laborais e os centros de educación, sempre que non exista un recurso público que poida dar resposta ás necesidades da familia (Plan Concilia, comedor escolar, actividades extraescolares das AMPA, etc)

Consideraranse actividades subvencionables:

- LIÑA 1 DE AXUDAS-CONCILIACIÓN DE VERÁN Os campamentos de verán
- LIÑA 2 DE AXUDAS-CONCILIACIÓN DURANTE O CURSO ACADÉMICO

Mediante esta liña de axudas, poderán ser subvencionadas as seguintes actividades:

- a) O coidado e transporte das persoas menores de idade por parte de escolas infantís ou centros de ocio, sempre que no centro educativo non estea instaurado o Programa Concilia do Concello de Carballo.
- b) O servizo de comedor por parte dunha entidade privada, sempre e cando exista incompatibilidade horaria dos proxenitores e que non se dispoña de praza de comedor.
- c) As actividades extraescolares fóra do centro educativo sempre e cando non exista oferta por parte da AMPA

#### 4. CRITERIOS DE CONCESIÓN

A concesión das axudas deberá axustarse aos criterios seguintes:

1. Será requisito indispensable estar empadroado e ser fillo/a de pais empadroados no termo municipal de Carballo, con veciñanza no municipio cunha antigüidade mínima de 1 ano no momento publicación das bases e convivir co beneficiario/a (agás as familias con informe favorable dos servizos sociais municipais).
2. Poderán optar a unha axuda aqueles/as solicitantes cuns ingresos familiares anuais que non excedan o establecido nestas bases.
3. Debe existir incompatibilidade dos/as dous/dúas proxenitores/as para conciliar a súa vida familiar e laboral ou un/unha no caso de familias monoparentais.

## 5. CRÉDITO

O crédito total destinado á concesión de axudas ás familias para as actividades de conciliación no Concello de Carballo no ano 2024 ascende a quince mil euros (15.000€). Este importe irá con cargo á aplicación orzamentaria 2310.48901 do Orzamento xeral do Concello.

O importe destinado á Liña 1 será o 60% do importe da convocatoria.

O importe do crédito destinado LIÑA 2, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria, respectando os límites e condicións establecidos no artigo 58 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A efectividade da contía adicional queda condicionada, entre outros supostos, á dispoñibilidade de crédito como resultado da resolución de convocatoria LIÑA 1 por importe inferior ao gasto inicialmente previsto para as mesmas.

## 6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A puntuación máxima para cada solicitude será de 17 puntos.

É necesaria unha puntuación mínima de 10 puntos para poder ser beneficiario da axuda.

A valoración de cada expediente de solicitude farase en función dos seguintes criterios:

a) Situación económica (renda per cápita anual)	Puntuación
Inferior ou igual a 3.000€	10 puntos
3.001-4.000€	9 puntos
4.001-5.000€	8 puntos
5.001-6.000	7 puntos
Máis de 6.000€	0 puntos
TOTAL a)	
b) Situación laboral	
Incompatibilidade horaria dos/das dous/dúas proxenitores/as. Monoparental (Lei 3/2011). Proxenitor/a custodio/a segundo sentenza xudicial.	2 puntos
TOTAL b)	
c) Situación social	
Monoparentalidade	1 puntos
Violencia de xénero (últimos tres anos)	1 puntos
Familias numerosas	1 puntos
TOTAL c)	
d) Situación de saúde	
Discapacidade do/a menor (mais do 33%)	1 puntos
Discapacidade dalgún dos/das proxenitores/as, titores/as legais ou dalgún outro membro da unidade de convivencia ( mais do 33%)	1 puntos
TOTAL d)	
<b>TOTAL a+b+c+d</b>	

### Cálculo da renda familiar

Os ingresos familiares calcularanse por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza.

### Renda per cápita

Para a valoración das solicitudes, a aqueles/as solicitantes que non superen os ingresos familiares anuais antes sinalados, calcularáselle a renda per cápita da unidade familiar, dividindo a renda familiar entre o número de membros computables da unidade familiar. Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade

familiar (pai, nai, alumno/a e irmáns e irmás) cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

#### Membros computables

1. Consideraranse membros computables da unidade familiar os pais/nais non separados/as legalmente e, no seu caso, o titor/a ou a persoa encargada da garda e protección do/a menor, o/a solicitante, os irmáns ou irmás con discapacidade física, psíquica ou sensorial que convivan no domicilio familiar ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, e os irmáns ou irmás menores de idade, con excepción dos emancipados, e os irmáns/irmás solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

2. Cando non exista vínculo matrimonial ou análogo, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os/as fillos/as que convivan con eles e que reúnan os requisitos citados anteriormente.

3.- No caso de familias monoparentais en que conviva un só/soa proxenitor/a ou titor/a co/a alumno/a, deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia (certificado de monoparentalidade). No caso de divorcio ou separación legal dos pais/nais non se considerará membro computable aquel que non conviva co/coa alumno/a.

Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o/a novo/a cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Nos supostos de custodia compartida non se considerarán familias monoparentais. Neste caso, cada un/unha dos/das proxenitores/as poderá solicitar a axuda, achegando exclusivamente os seus datos e os da súa unidade familiar, e en caso de resultar adxudicatario/a obterá o 50% da axuda prevista. No caso de que só un/unha dos/das proxenitores/as solicítase a axuda, achegando ademais os datos económicos do/da outro/a proxenitor/a, optará, no seu caso, ao 100% da axuda prevista nestas bases

4. No caso de falecemento dalgún dos/as proxenitores/as do alumno/a que convivisen con el/ela, acreditarase mediante certificado de defunción ou documento onde figura esta circunstancia.

5. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que a determine ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.

6. No caso de separación ou divorcio dos/das proxenitores/as con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambas as persoas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

7. En casos especiais en que a unidade familiar non estea conformada do xeito establecido no punto 1. , deberá achegarse o certificado ou volante de convivencia colectivo en que figure o alumno/a polo cal se solicita a axuda e todos os familiares que convivan con el/ela, así como certificado dos servizos sociais do municipio que acredite tal extremo.

8. Nos supostos en que a persoa solicitante da axuda sexa un/unha menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores.

9. Nos casos de violencia de xénero, no ámbito familiar quedarán excluídos no cómputo das rendas os ingresos do agresor, e consideraranse a familia como monoparental.

#### 7. CONTÍA DA SUBVENCIÓN

##### COMPUTO DE VALORACIÓN APLICABLE

De 17 puntos en diante: axuda do 100% das cotas

De 14 a 16 pto: axuda do 75% das cotas

De 10 a 13 pto: axuda do 50% das cotas Menos de 10 pto: sen dereito a axuda

En ningún caso o importe da subvención será superior a cantidade solicitada.

O importe da axuda non superará os 200 € para as actividades da liña 1 nin os 500 € no caso da liña 2.

#### 8. LUGAR E PRAZO DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Carballo <https://www.sede.carballo.org> ou en calquera rexistro municipal

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na sede citada.

O prazo de presentación de solicitudes será:

LIÑA 1: de 15 días naturais contados dende o seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da BDNS.

LIÑA 2: prazo máximo **ata 20 de novembro de 2024**.

O impreso oficial facilitarase na Web do Concello de Carballo e nas oficinas municipais de Servizos Sociais.

Co impreso de solicitude entregaranse os seguintes documentos, obrigatoriamente os sinalados :

a) A fotocopia do **libro de familia** no cal figuren todos os membros da unidade familiar **ou certificados literais de nacemento**. No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos que acrediten a vinculación dos membros da unidade familiar.

b) A fotocopia do **DNI ou NIF provisional do beneficiario/a (neno/a) e fotocopia do DNI do pai, nai ou titor/a** que conste na solicitude da axuda.

c) No caso de **discapacidade** do/a neno/a, do/a solicitante ou dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá achegarse as seguintes copias

- o certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%,
- a resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez,
- a documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

d) as **tres últimas nóminas**, de todos os membros da unidade familiar, ou no caso de autónomos xustificante de ingresos do último trimestre (**MODELO 130**)

e) A documentación acreditativa de calquera outra circunstancia que se alegue para que se teña en conta nos criterios de concesión (resolucións de prestacións económicas do SEPE, ingreso mínimo vital, ou calquera outro organismo público).

f) A **factura** expedida pola entidade organizadora **do pagamento da actividade ou documento acreditativo equivalente**, con validez no tráfico xurídico-mercantil xunto co xustificante ou **comprobante bancario do pago da actividade subvencionable**

g) A acreditación da situación familiar mediante a sentenza xudicial.

h) A **declaración xurada de que non percibir outras axudas** de calquera tipo para a mesma finalidade ou, no caso de telas solicitado e non ter aínda resposta, hai que indicar a que organismo.

i) O **xustificante de titularidade onde constará o número de conta (co IBAN) a nome do/a beneficiario/a (neno/a) da axuda**. Cando o/a beneficiario/a fose menor de idade, deberá constar tamén como titular o pai, nai ou titor/a que conste na solicitude de axuda.

j) A **declaración xurada de que está ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social**.

K) En caso de **incompatibilidade horaria** por motivos laborais ou formativos, a **certificación da empresa** contratante ou do centro de formación no que constará o horario laboral/formativo de duración estable e non puntual. Se hai dous/dúas proxenitores/as ou conviventes, a incompatibilidade debe acreditarse para ambas.

l) Certificado de monoparentalidade

A documentación que se presente deberá ter validez na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Así mesmo, presentarase calquera outra que se considere oportuna para a obtención e verificación de datos.

No suposto de que as solicitudes presentadas non reúnan os requisitos sinalados, requiriráselles aos/ás interesados/as que no prazo de dez (10) días emenden as anomalías advertidas, e no caso contrario arquivarase a solicitude.

A presentación de solicitude da axuda implicará a autorización ao Concello de Carballo para comprobar a veracidade dos datos ou para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar a información necesaria para a adxudicación da axuda, será necesaria tamén a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos, que deberán asinar para tal fin no impreso de solicitude e indicar o seu NIF.

## 9. AVALIACIÓN

As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios de outorgamento especificados nestas bases.

A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva e resolverá a Xunta de Goberno Local, logo da proposta motivada da Comisión Avaliadora correspondente. A dita comisión estará formada por:

- Presidenta: concelleira delegada de Servizos Sociais
- Vogais: xefa de área do Departamento de Servizos Sociais e traballadora social do departamento e un/una concelleira/o delegada/o.
- Na Comisión Avaliadora actuará como secretario/a, sen voto, un/unha funcionario/a da unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación.

## 10. PAGAMENTO

O pagamento das axudas efectuaráselle á/ao solicitante da axuda (ao beneficiaria/o ou á/ao seu representante legal segundo proceda), unha vez resolto a concesión das axudas, sen necesidade de presentar ningún tipo de xustificación tendo en conta que esta xa deberá formar parte da documentación que achega coa solicitude.

Todas as axudas están suxeitas ao imposto sobre a renda das persoas físicas.

## 11. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Os/as beneficiarios/as das axudas están obrigados/as a destinar a axuda á finalidade para a que se concede, e poderá o Concello solicitarlle que acredite ante a entidade concedente o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión da axuda.

Estas axudas son incompatibles con calquera outra que teña a mesma finalidade ou para a mesma finalidade que puidesen recibirse doutras entidades ou persoas públicas ou privadas. Polo tanto, as/os beneficiarias/os das axudas deberán comunicarlle ao Concello de Carballo a obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O Concello poderá esixir a devolución da axuda se ten coñecemento de que a/o beneficiaria/o obtivo outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade.

O Concello poderá esixir a devolución das axudas se o/a neno/nena non asiste un mínimo do 80% das horas de campamento.

Os/as beneficiarios deberán someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que lle corresponde á Intervención Municipal así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións.

## 12. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal (LOPD), infórmase de que os datos subministrados nos formularios que se presenten a esta convocatoria poden pasar a formar parte dun ficheiro automatizado de titularidade do Concello de Carballo, cuxa finalidade é a xestión da convocatoria para a que se presenta esta solicitude. O responsable dos datos recollidos será a Concellaría de Servizos Sociais, con enderezo en Praza do Concello, s/n 15100 Carballo. O Concello de Carballo e a Concellaría de Servizos Sociais comprométense a adoptar as medidas de seguridade que correspondan en cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. A persoa interesada poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, entregando o formulario disposto para tal finalidade no Rexistro de Entrada Municipal, no enderezo electrónico [lopd@carballo.org](mailto:lopd@carballo.org) ou chamando ao tfno. 981 704 703.

## 13. NORMATIVA APLICABLE

Con respecto ao non previsto nestas bases aplicarase supletoriamente:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- R.D.887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Carballo
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común

## 14. RECURSOS CONTRA AS PRESENTES BASES

As presentes bases reguladoras e cantos actos administrativos se derivaren delas poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma prevista nos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## 15. TRANSPARENCIA

De conformidade co art. 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a relación provisional e definitiva de persoas beneficiarias da prestación de comedor publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web dos servizos sociais municipais, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Concello de Carballo remitirá á Base de Datos Nacional de Subvencións información da convocatoria e dos acordos de concesión recaídos.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións, están obrigadas a fornecerlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

En resposta ao requirimento efectuado en data 20/06/2022 pola Directora Xeral de promoción da igualdade, de verificación dos requisitos do CIM previsto no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación os centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemen

**Segundo.-** Aprobar o gasto por importe total de sesenta mil euros (15.000,00 €) segundo o seguinte detalle:

Obxecto	Programa-Económica	Importe	RC(Nº Operación)
Convocatoria Axudas de Conciliación 2024	2310.48901	15.000,00 €	220240007164

**Terceiro.-** Aprobar o formulario de solicitude segundo o modelo

SOLICITUDE DE AXUDAD DE CONCILIACIÓN 2024 DATOS DO/A SOLICITANTE (PAI, NAI OU TITOR/A ENCARGADO/A DA GARDA E PROTECCIÓN DO/A MENOR)			
Apelidos	Nome	NIF	
Enderezo	Teléfono 1		
	Teléfono 2		
Enderezo electrónico a efectos de notificación			

Tendo coñecemento da Convocatoria de Subvencións do Concello de Carballo aprobada en —

Que o meu/miña fillo/a (Nome e Apelidos)	
Parciupou nas actividades: <input type="checkbox"/> Campamentos de verán <input type="checkbox"/> Garda e coidado por entidades privadas <input type="checkbox"/> Actividades extraescolares	
Importe actividade	Asociación/Entidade

**EXPOÑO:**

**PRAZO DE SOLICITUDE**

**LIÑA 1: 15 DÍAS DENDE A DATA DE PUBLICACIÓN DAS BDNS NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA.**

**LIÑA 2: 20 DE NOVEMBRO DE 2024.**

**Que a unidade familiar está formada polos membros que se relacionan a continuación**

(indicaranse os datos dos/as fillos/as menores de idade a excepción dos/das emancipados, dos/dos fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, e os dos/as fillos/as menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar):

DATOS FAMILIARES				
PARENTESCO	NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO	OCUPACIÓN	DISCAPACIDADE Igual ou superior ao 33% (sinale cunha x)
Pai/ nai/ titor/a				
Pai/nai				
Beneficiario				
Fillo /a				
Fillo /a				
Fillo /a				

## DECLARACIÓN XURADA

O/A solicitante declara baixo a súa responsabilidade que acepta as bases da convocatoria, que cumpre os requisitos esixidos por esta, que se atopa ao día das súas obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, que non ten ningunha débeda co Concello de Carballo e que son certos os datos que constan na solicitude.

Así mesmo declara que:

O/A meu/miña fillo/a

(sinalar a opción que proceda)

- Non ten solicitado ningunha outra axuda para a mesma actividade  
 Ten solicitado outra axuda para a mesma actividade, aos organismos que se indican:

E para que así conste, asino a presente en Carballo a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

E por todo o exposto anteriormente,

## SOLICITO:

Que me sexa concedida a devandita axuda polo concepto que se sinala a continuación:

- Campamentos de verán  
 Garda e coidado por entidades privadas  
 Actividades extraescolares

Asdo.

Carballo a de \_\_\_\_\_ de 2024

As persoas asinantes autorizan ao Concello de Carballo a comprobar a veracidade dos datos declarados na solicitude ou facer as consultas que procedan.

Expresan igualmente o seu compromiso de informar ao Concello de Carballo sobre a concesión de calquera outra axuda pública ou privada para a mesma finalidade.

Deberán asinar todos os membros computables maiores de idade

SOLICITANTE (pai, nai, titor ou beneficiario)	CÓNXUXE (no seu caso)	FILLO/A (no seu caso)	FILLO/A (no seu caso)	FILLO/A (no seu caso)

## DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (sinalar a que proceda cunha X)

	Certificado de empresa que recolla o horario de traballo
	Fotocopia do Libro de Familia ou certificado literal de nacemento
	Fotocopia do DNI ou NIF provisional do beneficiario/a
	Factura da Actividade
	No caso de discapacidade do/a solicitante, ou dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.</li> <li>- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.</li> <li>- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade</li> </ul>

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (sinalar a que proceda cunha X)	
	<b>Copia das 3 últimas nóminas de todos os membros computables</b> da unidade familiar Os/As residentes ausentes ou emigrantes presentarán, no caso anterior, certificación acreditativa das retribucións íntegras anuais que perciban da empresa ou entidade onde traballen.
	Declaración xurada de estar ao corrente coas obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social e de que non percibe outras axudas de calquera tipo ou, no caso de telas solicitado e non ter aínda resposta, indicar a que organismo.
	Xustificante de titularidade onde constará o <b>número de conta (co IBAN) a nome do/a beneficiario/a</b> da axuda. Cando fose menor de idade, deberá constar tamén como titular o pai, nai ou titor/a que conste na solicitude de axuda.
	OUTRA DOCUMENTACIÓN (especificar tipo de documento)

IMPORTANTE
1.- É imprescindible entregar a solicitude con todos os epígrafes, que en cada caso correspondan, cubertos.
2.- Entregar todos os documentos orixinais ou fotocopias dos mesmos que acrediten os datos que figuren no impreso.

A presentación de solicitudes para esta convocatoria implicará a autorización ao Concello de Carballo para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar información.

De conformidade coa la Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), infórmase que os datos suministrados nos formularios que se presenten a esta convocatoria poden pasar a formar parte dun ficheiro automatizado de titularidade do Concello de Carballo, cuxa finalidade é a xestión da convocatoria para a que se presenta esta solicitude. O responsable do tratamento dos datos recollidos será a Concellaría de Cultura, con enderezo en Praza do Concello, s/n 15100 Carballo. O Concello de Carballo comprométense a adoptar as medidas de seguridade que correspondan en cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, entregando o formulario disposto para tal finalidade no Rexistro de Entrada Municipal, no enderezo electrónico [lopd@carballo.org](mailto:lopd@carballo.org) ou chamando ao tfno.981 704 703.

O ALCALDE

Evencio Ferrero Rodriguez

En Carballo a 18 de Setembro de 2024

2024/6591